*Na inspección feita con data 17 de xaneiro de 2007, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (1.202,02 € – mil douscentos dos euros con dos centimos), a favor de OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(57).-PROXECTOS PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORA DE ABASTECIMENTO NA RÚA AREAL, REPOSICIÓN ABASTECIMENTO NO CAMIÑO DA SEARA E SANEAMENTO DO CAMIÑO XORXA. EXPTE. 51287/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 9.01.07, o informe de fiscalización do 17.01.07 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 14.02.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os proxectos para a execución das obras seguintes : “Mellora do abastecemento na rúa Areal - Vigo “ ; “ Reposición Abastecemento Cmño. Seara – Vigo ” e “ Saneamento Cmño. Xorxa – Vigo”, redactados por TICCO Ingeniería, S.L. ó primeiro e o terceiro e por Esinpro Ingeniería, S.L. ó segundo.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, por lotes, das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autorizar a tramitación do expediente como anticipado de gasto para a contratación das obras por importe de : Lote 1 : “Mellora do abastecemento na rúa Areal – Vigo : 222.517,30 € ”Lote 2 : “ Reposición abastecemento Cmño. Seara - Vigo : 151.217,62 € ” Lote 3 : “ Saneamento Cmño. Xorxa – Teis : 78.884,57 € ”

4º.- A adxudicación dos contratos quedará en suspenso ata que exista crédito adecuado e suficiente para afrontar o gasto. Por isto previamente a adxudicación, a Intervención Xeral deberá certificar a existencia de crédito adecuado e suficiente antes de aprobarse o gasto pola Xunta d egoberno Local.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **12(58).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O C. DE VIGO E UNIÓN FENOSA PARA O ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE PARCELA RONDA DON BOSCO. EXPTE. 11982/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.01.07 e de acordo co informe proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 29.01.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Unión Fenosa Distribución para o acondicionamento en superficie da parcela ubicada na confluencia das rúas “Ronda de Don Bosco- Enrique Blein Budiño- Venezuela”, tendo en conta as consideracións feitas polo titular de Asesoría Xurídica con data 26 de xaneiro de 2007.

CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. PARA O ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA PARCELA UBICADA NA CONFLUENCIA DAS RÚAS “Ronda de Don Bosco - Enrique Blein Budiño - Venezuela”.

Vigo, a 26 de xaneiro de 2007

INTERVEÑEN:

Dunha parte, a Ilma. Dna. Corina Porro Martínez, co D.N.I. nº 32.610.818 - S, na súa condición de Alcaldesa do Concello de Vigo, no sucesivo “o Concello”, actuando en nome e representación do mesmo, en virtude do establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galiza.

E de outra, D. Manuel Fernández Pellicer, co D.N.I. núm. 36.029.572 - A, na súa condición de DIRECTOR, en representación de Unión Fenosa Distribución S.A. Area Galicia, no sucesivo UNIÓN FENOSA, co C.I.F. número A-82153834, co domicilio en A Coruña, Avenida de Arteixo, número 171.

Ambas partes recoñécense capacidade suficiente para establecer o presente Convenio de colaboración, e a tal efecto:

EXPOÑEN:

- A. Que no Inventario de Bens do Concello de Vigo, figura, no epígrafe 1 (bens inmobles) número 283, unha parcela denominada “Zona Verde Ronda de Don Bosco”, ubicada na confluencia das rúas Ronda de Don Bosco, Enrique Blein Budiño e Venezuela y sendo a súa natureza de uso público, dependendo do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- A. Unión Fenosa solicitou ao Concello a preceptiva licenza urbanística para a execución, na parcela a que se fai referencia no exponendo A., dunha subestación transformadora de enerxía eléctrica, procedendo éste, en Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 1.995, a aprobar o proxecto de execución presentado por Unión Fenosa.
- B. Ao abeiro da devandita licenza urbanística Unión Fenosa construíu no seu día a citada subestación de enerxía eléctrica, si ben con posterioridade, procedeu ao seu desmantelamento, en cumprimento do disposto pola sentenza núm. 1322/2002 dictada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 7 de novembro de 2002 e da sentenza núm. 124/1999, de 18 de febrero de 1.999 dictada tamén polo devandito Tribunal.
- C. Na actualidade, o Concello pretende realizar a adecuación e recuperación da parcela a que se fai referencia no exponendo A. do presente convenio, levando a cabo o axardinamento da mesma.
- D. Asimesmo, o Concello, en orde a mellorar as condicións de vida dos seus cidadáns, efectuou e quere levar a cabo un Plan para a pavimentación das rúas do Concello.

Dentro do mentado Plan para a Pavimentación inclúense, entre outras, as seguintes rúas:

- Rúa Pescadería (A Pedra).
- Rúa República Arxentina entre as rúas Urzaiz e Policarpo Sanz.
- Rúa Rogelio Abalde.
- Rúa Churruca.
- Rúa Gravina.
- Rúa Magallanes.

- Rúa Manuel Núñez.
- Rúa Gil.
- Rúa Hernán Cortés.
- Rúa Luis Braille.
- Travesía de Vigo, entre as rúas Mestre mateo e Numancia.
- Rúa Cruz Blanca (Calvario).
- Avda. Marina Española.
- Vía Norte (lado esquerdo dende rúa Urzaiz).
- Rúa Manuel de Castro.
- Avda. de Castelao (entre a Rúa Tui e Rúa Baiona).

*O mentado Plan de Pavimentación non é un Plan pechado, se non que nel podrán ser incluídas outras rúas cuxa pavimentación se faga necesaria durante a vixencia do presente convenio.*

*F. Unión Fenosa, como empresa distribuidora de enerxía eléctrica, e en orde a atender ás necesidades de desenvolvemento da súa rede de distribución preveu un Plan de Instalación de Centros de Transformación en zonas consolidadas e Saturadas de Cidades e Vilas no que se inclúe a cidade de Vigo, onde se está xa a levar a cabo.*

*Dentro do citado Plan atópanse previstos os entornos das ubicacións para os Centros de Transformación indicados no plano adjunto ao presente convenio como Anexo.*

*G. Igualmente, e dentro do seu Plan de Infraestructuras Eléctricas de Vigo, Unión Fenosa prevé a instalación de dúas ou tres Subestacións Eléctricas denominadas, Teis, Coruxo e Bouzas ou Berbés nos próximos anos.*

*En consecuencia, dada a conxunción de intereses entre as partes que interveñen no presente convenio, estas acordan establecer o seguinte Convenio de Colaboración, que se aplicará dende o momento da sinatura do mesmo e que se realizará dacordo co exposto nas seguintes:*

#### **ESTIPULACIÓNS:**

##### **PRIMEIRA.**

*Unión Fenosa construírá á execución do proxecto de axardinamento e adecuación da parcela sinalada no exponendo A) do presente convenio, cunha aportación máxima de cincocentos mil euros (500.000 €).*

*Sobre esta parcela Unión Fenosa, tal e como se sinala no exponendo C), construíu no seu día, amparada pola correspondente licenza urbanística, unha subestación de enerxía eléctrica xa desmantelada por dita sociedade. En ningún caso poderá esixirse da mesma ningunha obrigaón en relación co establecido en ditas sentencias ni repercutirse coste algún que se derivara, derive ou poidera derivarse da súa completa execución.*

##### **SEGUNDA.**

*Dentro do plan de pavimentación de Rúas do Concello de Vigo a que se fai referencia no exponendo E), éste comprométese a colocar os tubos necesarios que estime Unión Fenosa, en previsión de necesidades futuras de canalización de liñas eléctricas, tanto para a mellora da rede de distribución como para novas acometidas.*

*Unión Fenosa comprométese a aportar ditos tubos ao Concello de Vigo, que serán colocados sin máis coste para a empresa eléctrica.*

**TERCEIRA.**

*Para facilitar a execución do Plan de Instalación de Centros de Transformación en zonas consolidadas e saturadas de Cidades e Villas que a empresa está desenrolando na cidade de Vigo, e ao cal se fai referencia no exponendo F), nos casos en que Unión Fenosa non lle fose posible conseguir a ubicación dos centros de transformación nos locais esixidos no artigo 47 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, o Concello comprométese a facilitar a consecución de permisos a Unión Fenosa Distribución así como a autorizar a ubicación dos Centros de Transformación en edificios e solos de uso público, preferentemente en casetas prefabricadas de superficie ou en soterrado.*

**CUARTA.**

*Así mesmo, o Concello comprométese a facilitar as ubicacións e autorizacións pertinentes para a instalación das subestacións previstas no Plan de Infraestructuras eléctricas de Vigo, anteditas, Teis, Coruxo e Bouzas ou Berbés e a que se fai referencia no exponendo G) do presente convenio, e a ter en conta as mesmas na elaboración e desenvolvemento do seu planeamento urbanístico.*

**QUINTA.**

*O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para resolver as dudas e lagunas que poideran suscitarse na súa aplicación estarase ao disposto na lexislación vixente e concretamente polo establecido na Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Real decreto 1955/ 2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

*Leído o presente documento por ambas partes, e en proba de conformidade, o firman por duplicado, no lugar e data ao principio indicados.*

**13(59).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O ALLEAMENTO POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO DA PARCELA EDIFICABLE MUNICIPAL NO PERI 4 BARREIRO 2, PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe do xefe de negociado de Contratación, de data 26.01.07, conformado do Asesor Xurídico da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar o Prego de cláusulas administrativas particulares e, en definitiva, do contrato nos seguintes termos:

Primeiro.- O artigo 14.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato de alleamento por procedemento negociado da parcela edificable municipal no PERI 4 BARREIRO 2, na

parroquia de Santa Cristina de Lavadores, para a construción de 100 vivendas de protección autonómica, quedará redactado do seguinte xeito: *“Unha vez que a entidade adxudicataria formalice escritura de constitución de hipoteca para o financiamento das obras, constituirá causa de resolución do contrato en vía administrativa o incumprimento de calquera das condicións establecidas nos pregos, que se transcribirán na escritura pública de adxudicación”*.

Segundo.- O artigo 14.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato de alleamento por procedemento negociado da parcela edificable municipal no PERI 4 BARREIRO 2, na parroquia de Santa Cristina de Lavadores, para a construción de 100 vivendas de protección autonómica, quedará redactado do seguinte xeito: *“Unha vez que a entidade adxudicataria formalice escritura de constitución de hipoteca para o financiamento das obras, será causa de resolución do contrato a denegación firme en vía administrativa da declaración de Vivendas de Protección Autonómica a non ser que existisen terceiros adquirentes das vivendas que instasen diante do IGVS a rehabilitación do expediente ó seu...”*

Terceiro.- A modificación acordada formalizarase en documento administrativo.

**14(60).- APROBACIÓN TÉCNICA DO MODIFICADO NÚM. 1 DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO X O SABIO. EXPTE. 364/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe do Coordinador da Área de Servizos Xerais, de data 26.01.07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar técnicamente o proxecto de “MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO X O SABIO, NA CIDADE DE VIGO”, cun orzamento total base de licitación de TRESCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO CINCUENTA E OITO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMO.

**15(61).- PRÓRROGA DO CONVENIO PARA DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS CO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS. EXPTE. 19631/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe da técnica de Benestar Social, de data 24.01.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Prestar conformidade ó desenvolvemento dos programas e servizos que, en materia de drogodependencias non alcohólicas, realizará o Concello para o ano 2007 no marco do Plan Autonómico sobre Drogodependencias por parte da Unidade Asistencial “CEDRO”, solicitándose a prórroga dos convenios subscritos o 2 de xaneiro e 1 de setembro de 2006 (Xuntas Locais de Goberno do 12/06/06 e 23/10/06) coas posibles actualizacións que se acorden”.

**16(62).- PRÓRROGA DUN MES DO CONTRATO DO SERVIZO DE FAMILIA E INFANCIA. EXPTE. 19615/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 23.01.07, conformado pola delegada da área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Mediante expediente 17534-301 de data 26/09/09 iniciase a nova contratación do dispositivo que desenvolva o programa de familia e infancia ó que figuran unidos os pregos de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas que rexeran a licitación.*

*O servizo de Familia e Infancia estase a prestar na actualidade pola empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5,S.L.”, contrato en prórroga que finaliza o 31 de xaneiro de 2007.*

*A nova contratación tería que comezar a rexer a partires do 1 de febreiro de 2007.*

*Que a data de hoxe non foi concluído o da nova contratación, motivo polo que se contactou co actual adxudicatario, “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.”, solicitándolle unha prórroga na prestación dos servizos por un prazo de un mes, desde o vindeiro día 1 ó 28 de febreiro de 2007, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor, prórroga que foi aceptada segundo comparecencia asinada no Departamento de Benestar Social.*

*En base ó anterior propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Aproba-la prórroga do contrato en vigor do servizo de Familia e Infancia, do cal é adxudicataria a empresa “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.” por un prazo máximo de un mes a partir do 1 de febreiro próximo, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor.*

*Aproba-lo gasto por importe total de TRINTA E CINCO MIL QUINIENTOS CORENTA E UN EUROS CON 75 CENTIMOS (35.541,75€), IVE incluído, a favor de Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.con cargo ó funcional*



3130 –Benestar Social-, partida 2260806–Programa de infancia e familia, con cargo o exercicio económico de 2007.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(63).- BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS “ENTROIDO 2007”. EXPTE. 2123/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.01.07, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e A.Sociocultural, do 22.01.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes ó concurso de comparsas do Entroido 2007, que se levará a cabo entre do 17 ao 21 de febreiro de 2007 polas rúas da nosa cidade.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 21.250.-euros, en concepto dos premios estipulados nas citadas bases, con cargo á partida 451.2.481.00.00 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio vixente exercicio.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACION SOCIOCULTURAL 2080 0000 770040277241.

#### *BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2007.*

*PRIMEIRA.- A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca o tradicional concurso de comparsas que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido 2007. Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 20 persoas.*

*SEGUNDA.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende a aprobación destas bases na Xunta de Goberno Local ata as 13’30 horas do día 8 de febreiro. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu retraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.*

*TERCEIRA.- Os premios establecidos para o concurso de comparsas serán:*

*1º PREMIO: 2.500.-euros*

*2º PREMIO: 1.900.-euros*

*3º PREMIO: 1.300.-euros*

*PREMIO ESPECIAL: 700.- euros, á comparsa máis festeira, non acumulable ós premios citados anteriormente.*

*20 ACCÉSIT de 700.- euros, cada un deles, non acumulables aos tres primeiros premios.*

*PREMIO DO DESFILE DO "ENTERRO DO MECO": 850.- euros. Outorgáselle á comparsa mellor caracterizada no desfile do día 21 de febreiro de 2007. Para poder optar a este premio, os/as integrantes da comparsa deberán vestir de loito rigoroso, entendendo por tal a utilización de prendas de cor negra ou morada na súa totalidade. En todo caso, será o xurado do concurso o único con capacidade para valorar este aspecto.*

*Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.*

*Os aboamentos dos premios serán tramitados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.*

*CUARTA.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará o luns, día 9 de febreiro ás 12'00 horas na Casa do Concello, sita na praza do Rei, s/n. Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.*

*QUINTA.- A concentración das comparsas inscritas farase na rúa García Barbón (entre a rúa Serafín Avendaño e o nudo de Isaac Peral) o sábado día 17 de febreiro ás 17'30 horas, para comezar o desfile ás 18'30 horas, e que se realizará polas seguintes rúas: García Barbón (dende a rúa Serafín Avendaño, Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).*

*As comparsas que se presenten unha vez pasada a hora de concentración (17'30 h) desfilarán en último lugar, se así o estima o persoal de organización.*

*SEXTA.- As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións:*

*Longo: 7'00 m ; Largo: 3'50 m ; alto: 4'00 m*

*En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra algunha destas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.*

*Así mesmo, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso ( animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.*

*SÉTIMA .- A cualificación das comparsas concursantes será determinada polo xurado durante o desfile do día 17 de febreiro. O xurado do concurso estará composto por:*

*PRESIDENTE: Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.*

*VOCALIS: Tres persoas vencelladas ó humorismo, medios de comunicación, artes escénicas, deseño, cultura...*

*Un membro da comisión organizadora do Entroido 2007.*

*SECRETARIO/A: Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto.*

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestiario, orixinalidade, presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.

Queda totalmente prohibido que as comparsas se deteñan durante o desfile ó seu paso por diante do palco do xurado, así como que algún dos seus membros se dirixa a este. Nos dous casos, a comparsa quedará eliminada do concurso se así o estima o xurado.

OITAVA.- As comparsas inscritas deberán participar na comitiva do "Enterro do Meco" o día 21 de febreiro coa mesma orde de desfile. O horario de concentración neste caso será ás 18'30 horas, para comezar o desfile ás 19'30 horas. O lugar de concentración e o percorrido do desfile do "Enterro do Meco" serán os mesmos cós do día 17 de febreiro.

NOVENA.- As comparsas inscritas no concurso deberán participar no desfile do día 21 de febreiro co mesmo número de participantes có día 17 de febreiro, e con algún distintivo de loito. O incumprimento dalgunha destas dúas condicións motivará a perda de calquera dos premios obtidos no primeiro desfile.

DÉCIMA.- A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do desfile "Enterro do Meco", na Praza da Constitución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

DÉCIMO SEGUNDA.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

## CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2007

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS .....

NIF ..... ENDEREZO .....

NÚM ..... PISO ..... LETRA ..... CP .....

LOCALIDADE.....teléfono..... Fax .....

#### EN REPRESENTACIÓN DE:

Si mesmo.

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da entidade denominada .....

..... CIF .....

ENDEREZO..... Núm..... PISO..... LETRA.....

CP ..... LOCALIDADE ..... Tlf ..... Fax .....

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición da comparsa denominada

- Núm de compoñentes da comparsa (mínimo de 20) .....

- ¿Presenta carroza? ..... En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos:

ALTO ..... LARGO ..... LONGO .....

(Ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)

- ¿Presenta algún outro tipo de elemento (animais, automóbiles...)? SI

En caso afirmativo, indicar cales e o seu número: .....

Vigo, ..... de febreiro de 2007.

SINATURA

ILMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

\* O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles decidírase mediante sorteo público o día 8 de febreiro ás 12'00 horas, na Casa do Concello (Praza do Rei, s/n).

### **18(64).- PRÓRROGA DE CONTRATOS LABORAIS-TEMPORAIS DE SETE SUBALTERNOS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.01.07, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 23.01.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local acordou a contratación laboral-temporal, por acumulación de tarefas, de seis Ordenanzas Porteiros (sesión de 23 de outubro de 2006) e dun Ordenanza-Porteiro (sesión de 30 de outubro de 2006) por un período de tres meses (expedientes nº 16.730/220 e 16.743/220), baixo a modalidade do contrato laboral temporal por acumulación de tarefas, en atencións ás peticións formuladas por parte da xefatura do Servizo de Conserxería.*

*En execución dos referidos acordos, con data 26 de Outubro de 2006 procedeuse á contratación de Dª María Antonia González Peinado, con D.N.I. nº 36.124.789-T, Dª Susana María Ormiguez Pérez, con D.N.I. nº 36.066.297-C, Dª Susana Pena García, con D.N.I. nº 36.129.838-N, Dª Purificación García Romero, con D.N.I. nº 36.028.268-X, e D. José Carlos Martínez López, con D.N.I. nº 36.094.531-X; e con data 5 de febreiro de 2006 a Dª Mª Luz Traveso Teijeiro, todos eles como Ordenanzas-Porteiros, por un período de tres meses, que rematan o vindeiro 26 de xaneiro de 2007 e 5 de febreiro de 2007 respectivamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 ET en materia de contratos de duración determinada.*

*Tendo en conta o escrito de data 15 de xaneiro de 2007, asinado pola de Xefa de Conserxería co conforme da Delegada do goberno da Área de Participación Cidadá, no que se pon de manifesto a continuidade das circunstancias que se deron para a contratación inicial, solicitando por parte das mesmas a prórroga dos devanditos contratos, parece oportuna a tramitación do presente expediente.*

*Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción ou acumulación de tarefas permite unha duración máxima de seis meses dentro do período de un ano -con carácter improrrogable- e sempre que exista consignación presupostaria suficiente para facer fronte ao gasto que se propón, non se observan impedimentos para a autorización das prórrogas solicitadas, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo do 2006.*

*Vistas as competencias en materia de persoal que por delegación da Alcaldesa-Presidenta ostenta a Primeira Tenencia de Alcaldía segundo Decreto de data 23/10/2006, elévase á súa consideración a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN :*

*PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga dos contratos subscritos en data 26 de outubro de 2006 cos Ordenanzas-Porteiros Dona María Antonia González Peinado, con D.N.I. nº 36.124.789-T, Dona Susana María Ormiguez Pérez, con D.N.I. nº 36.066.297-C, Dona Susana Pérez García, con D.N.I. nº 36.129.838-N, Dona Purificación García Romero, con D.N.I. nº 36.028.268-X, D. José Carlos Martínez López, con D.N.I. nº 36.094.531-, así como o contrato subscrito en data 6 de novembro de 2006, como Ordenanza-Porteiro a Dona Mª Luz Traveso Teijeiro, con D.N.I. nº 34.980.275-N, por un período de tres meses e nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por eles asinados.*

*SEGUNDO.- A presente prórroga autorízase sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(65).- ACLARACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29.12.06 RELATIVO Á DELEGACIÓN DA DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS XUDICIAIS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Xestión do 29.01.07, que di o seguinte:

*En relación coa execución de sentenzas (e especialmente coas que supoñen unha condena ao pagamento de cantidade líquida do art. 106 da LXC-A) téñense procurado varios medios para asegurar que esta se leve a cabo regularmente no prazo de 3 meses establecido para a execución ordinaria ou voluntaria (evitando así incidentes de execución “forzosa”).*

I.- Sabido é que a Constitución /art. 117.3) supuxo a superación das regras executorias do art. 103 e ss. Da anterior LXC-A de 1956, o que se desenvolve agora nos arts. 103 a 113 da actual lei (29/1998) xurisdiccional.

Esta regulación determina:

- Que a potestade de facer executar as resolucións xudiciais lle corresponde exclusivamente aos órganos xudiciais que coñeceran o asunto en primeira ou única instancia.
- Que as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas nos seus termos, prestando a colaboración requirida polos órganos xudiciais.
- Que son nulos os actos contrarios aos pronunciamentos das sentenzas.
- Que o órgano que realizase a actividade obxecto do recurso debe executar o resolto nas sentenzas firmes no prazo que nelas se sinale ou nos xerais fixados no LXC-A (104.2, 106.3...)
- Que en caso de non executarse plenamente en prazo, as partes e persoas afectadas poden instar a execución forzosa.
- Que en caso de presentarse cuestións (non decididas no fallo) na execución, pode promoverse incidente executoria para decidilas.

A actual lei do contencioso contén tres artigos con certas regras especiais en función do pronunciamento da sentenza firme a executar:

- a) Art. 107; para sentenzas con pronunciamentos anulatorios, totais ou parciais, de actos ou disposicións administrativas.
- b) Art. 108; para sentenzas con pronunciamentos “de condena” que obrigan a realizar unha determinada actividade ou a dictar un acto, e
- c) Art. 106, para sentenzas con pronunciamento “de condena” ao pagamento dunha cantidade líquida.

II.- Este último caso é o que nos interesa particularmente para lograr a máxima eficacia nos pagamentos xudicialmente resoltos.

Por todo o anterior, o concelleiro delegado de Xestión formula á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de Aclaración do acordo do referido órgano de Goberno de 29.12.06 nos seguintes termos:

1º.- A delegación acordada a favor do primeiro tenente de Alcalde para a dación de conta de sentenzas e demais resolucións xudiciais e o mandato de tramitación dos pagamentos que das mesmas poidan derivarse, deberá entenderse cinguida única e exclusivamente a aquelas sentenzas ou resolucións xudiciais nas que, conforme ó establecido no art. 106 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, a Administración municipal fora condenada ó pagamento de cantidade líquida, ou doadamente determinable conforme ó contido da sentenza sen necesidade de trámite executorio para tal fin.

2º.- Nos demais supostos de sentenzas e demais resolucións xudiciais daráselle conta á Xunta de Goberno local e para efectos de execución continuarán remitíndose ós correspondentes órganos responsables da tramitación do acto obxecto do recurso e, xa que logo, dos pronunciamentos executorios da sentenza.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**20(66).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás quince e dez minutos. Como secretaria dou fé.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez